

1^{as} Jornadas Educación y Síndrome de Down

Ensinar e aprender na diversidade

1. ORGANIZACIÓN

Asociación Síndrome de Down de Lugo

2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o traballo que se está a desenrolar no eido da educación e da integración laboral para persoas con discapacidade.
- Favorecer o intercambio de experiencias na práctica docente.
- Facilitar ferramentas ós profesionais e ós pais e nais para colaborar de forma activa e efectiva na educación dos nenos e nenas con discapacidade.

3. CONTIDOS

- Historia e lexislación relativas á integración escolar.
- Recursos para a integración escolar.
- Bases psicopedagóxicas dos problemas da aprendizaxe.
- A lectoescritura na Síndrome de Down e noutras discapacidades. O Método Cántabro.
- A aprendizaxe do cálculo.
- Estratexias para a integración de persoas con discapacidade na escola ordinaria.
- Requisitos de formación para acceder ó mercado laboral.

4. DESTINATARIOS

Vai dirixido a profesionais da educación; profesores/as, educadores/as, psicólogos/as, pedagogos/as, psicopedagogos/as, traballadores sociais, voluntariado, pais e nais, titores/as de persoas con discapacidade, e público en xeral interesado no tema.

5. DATAS

12 e 13 de novembro de 1999.

6. Nº de PRAZAS

O número de asistentes é aberto.

7. HORAS DE FORMACIÓN

12 horas lectivas

8. LUGAR DE CELEBRACIÓN

Salón de Actos da Cámara de Comercio de Lugo. Ramón Ferreiro, 18

9. HOMOLOGADAS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Data de homologación 25 de agosto de 1999

10. PONENTES

- Darío Senén González Sánchez. Educador no centro de Reeduación Santo Anxo de Rábade. Licenciado en Historia.
- Elba Varela. Asesora de Ed. Especial do C.E.F.O.C.O.P.
- José Antonio López Blanco. Membro do Equipo de Orientación Específico de Lugo. Especialista en trastornos motóricos.
- Encarna Fernández López. Directora de Centro de Educación Especial nº2
- Xerardo López Enríquez. Director do C.E.I.P. de Cervo q Amelia Díaz Pérez. Nai dunha alumna dunha escola ordinaria
- Carmela González Lagarón. Nai dunha alumna dun centro específico
- Emilio Ruiz Rodríguez. Psicólogo da Fundación Síndrome de Down de Cantabria
- Mercedes del Cerro. Profesora coordinadora de educación da Fundación Síndrome de Down de Cantabria

- Manolo Vázquez Prado. Profesor de Matemáticas e Novas Tecnoloxías. Lugo
- M^a Carmen Díaz Grandío. Profesora de Pedagogía terapéutica do C.E.I.P. de Cervo
- Clara Blanco García. Profesora de Ed. Infantil e Pedagogía Terapéutica. Lugo
- Sara Fernández López. Prof. C.P. A Gándara. Monforte de Lemos
- Francisco García Rancaño. Estudiante de 6º de E.P. Lugo
- Coro Piñeiro Vázquez. Xefa de Area de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Lugo
- Hector Pérez Montagut. Mediador Laboral. Fundación Paideia. Coruña
- Sandra Ortega Mera. Responsable de Usuarios Fundación Paideia Coruña
- Pilar Lourés. Nai dunha xoven de 21 anos. con SD
- Jaime Vázquez Caeiro. Xoven con Síndrome de Down. Traballador de Supermercados Claudio. Coruña

11. PERSONALIDADES

Foron invitadas tódalas personalidades das institucións educativas e as que están implicadas no mantemento da asociación. Tódalas autoridades recoñeceron o traballo desenrolado pola asociación na súa corta vida, auguraron un bo futuro e comprometéronse públicamente para seguir apoiandoa, felicitarona pola organización dun acto de tanta repercusión para Lugo e valoraron o movemento asociativo imprescindible para acadar os servizos e atencións ós que teñen dereito as persoas e colectivos desfavorecidos.

INAUGURACIÓN

- Don Luis Abades, Delegado Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- Dona Branca Rodríguez Pazos. Tenente de Alcalde e Responsable de Benestar Social do Concello de Lugo.
- Don Enrique Fernández . Vicepresidente da Diputación Provincial.
- Don Xesús Pablo González Moreira. Delegado Provincial de Educación.

CLAUSURA

- Don Xosé Clemente López Orozco. Alcalde de Lugo
- Don Xosé de Cora. Director do diario El Progreso
- Dona María José Blanco Freire. Presidenta da Asociación Síndrome de Down de Lugo. 12.

COLABORACIÓN

- Diario El Progreso
- Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.
- Consellería de Familia, Muller, Promoción de Emprego e Xuventude
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria q Deputación Provincial
- Concello de Lugo q Caixa Galicia q Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Cámara de Comercio de Lugo

13. DIFUSIÓN

A difusión das Xornadas levouse a cabo cos seguintes medios

TRÍPTICOS E PÓSTERS

Os trípticos foron impresos na imprenta do Diario El Progreso. Fíxose unha tirada de 1.500 trípticos con tódala información e mais o boletín de inscrición para ser recortado. Tamén se deseñou un póster de 50 x 60 cm. co tema e o lema das xornadas e a información básica: lugar de celebración, data, colaboradores, homologación, etc. do que se fixeron 500 exemplares.

Tanto os trípticos coma os posters distribuíronse por tódolos centros educativos da provincia, a partir dun listado de centros facilitado polo CEFOCOP. Así mesmo, enviouse información a tódalas Asociacións e Fundacións de Síndrome de Down de toda España e ás Federacións de asociacións que atenden a persoas con discapacidade, ós gabinetes privados, ás delegacións de Servicios Sociais, á Cruz Roja e ós socios colaboradores de Lugo capital.

PRENSA, RADIO E TELEVISIÓN

Convocouse unha rolda de prensa o día 21 de outubro para presentar ante ós medios de comunicación a celebración das Xornadas. Foron tódolos medios de Lugo e sacaron información ó día seguinte tanto nos periódicos como na radio e televisión. A Directora de Programas asistiu a unha entrevista na televisión local Telelugo. O día anterior á celebración das Xornadas convocámoslos medios para que cubriaran o desenrolo das mesma. Novamente asistiron todos agás Televisión de Galicia que argumentou que non lle chegara a información maila que MRW a entregó na dirección correcta. Tampouco veu Atlas, a axencia que cubre a información local de Tele 5, aínda que se lle envió por fax a información a Santiago.

14. ASISTENTES

Experiencias anteriores mostraban o escaso interese do profesorado lucense e fíxose unha previsión á baixa. Valoráronse varios salóns de actos da cidade optando finalmente por un intermedio, como era o da Cámara de Comercio, cunha capacidade inicial de 165 persoas, ampliable colocando sillas na última fila. A previsión inicial foi ampliamente superada o mesmo que a capacidade máxima do Salón de Actos da Cámara que superou os 200 asistentes. Durante as 12 horas que duraron as Xornadas tódolos asistentes estiveron perfectamente motivados e o Salón de Actos repleto.

Maila a escasa difusión das Xornadas fora da provincia, contamos con profesionais de tódolos puntos de Galicia, Asturias e Castilla - León. O número total de asistentes foi como sigue: 96 profesionais en activo, 95 estudantes e desempregados, e 25 familiares da ASDL, o que fai un total de 216 persoas. Déronse certificacións homologadas ós 96 profesionais que tiñan dereito según a orde de 13 de decembro 1994 (DOGA 13 de Xaneiro do 1995) e ós 95 restantes, certificación da ASDL. Un número indeterminado de pais e nais da ASDL que non a solicitou expresamente non recibiu certificación.

Existe un rexistro co número de homologación de tódolos certificados homologados que se entregaron, tanto ós ponentes como ós asistentes e a dirección. Así mesmo existen listados de persoas que asistiron sen dereito a homologación.

15. VALORACIÓNS

Deseñouse unha enquisa para recolle-la valoración cos asistentes facían de cada ponencia e a organización xeral (xúntase modelo e resultados). A valoración das mesmas foi moi positiva en liñas xerais, aínda que bastante xente manifestou que o tempo adicado a cada ponencia foi escaso e non houbo posibilidade de profundizar nalgúns dos temas propostos.

A Organización (Directora e Xunta Directiva) valora de xeito similar os contidos e demais aspectos relacionados coas mesmas. Recoñe como aspectos negativos non ter acertado coa previsión de asistentes. Así mesmo valora de forma negativa o feito de intentar meter demasiados contidos nunhas mesmas xornadas.

Como aspectos positivos valórase a boa expectativa que se creou e o interese mostrado polos profesionais da ensinanza. Realmente chegaron á xente e recibimos felicitacións de tódolos asistentes, ponentes e institucións implicadas. A organización foi boa e non houbo fallos visibles.

No referente a contidos foi un gran acerto escoller experiencias próximas e accesibles a casi calquera centro, xa que se falou dende a perspectiva de centros públicos e privados e faláron profesionais con experiencias variadas.

A introducción histórica situou o tema aínda que se puideran buscar aspectos mais prácticos e concretos de actuación.

O repaso á lexislación e recursos foi dinámico e esclarecedor. Puxéronse sobre a mesa cuestións que non todo o mundo sabía, como por exemplo que á hora de

escolarizar a un rapaz, ten preferencia o que presenta unha discapacidade, ou cos pais teñen dereito de leva-los seus fillos ó colexio que elixiran e que non se lle pode rechazar polo feito de presentar unha discapacidade.

Na mesa redonda sobre distintos modelos de educación presentáronse dous modelos en colexios públicos, un ordinario e outro específico. O debate non xenerou polémica e deuse a coñecer que é posible educar na escola pública ordinaria a nenos e nenas con discapacidade, e que o modelo específico é igual de válido cuando a discapacidade é maior.

A fundamentación teórica permitiu ós asistentes coñecer de xeito breve as características básicas das persoas con síndrome de Down e coñecer que son persoas con capacidade de aprendizaxe e que non se lle pode poñer teito ás súas posibilidades, xa que cada ano que pasa melloran as expectativas das persoas con discapacidade, que non hai un patrón básico de conducta e que o trato que deben recibir é, igual co resto de rapaces, adaptado as súa personalidade.

A lectura e escritura resolveu moitas dúbidas ós profesionais e pais presentes o tempo que animou a moitas persoas a iniciarse no método de lectoescritura da Fundación cántabra ou noutros similares. Aportou solucións prácticas referidas a materiais, uteis, metodoloxía, etc.

O mesmo sucedeu ca ponencia sobre o cálculo aunque neste caso o enfoque do tema foi un tanto pesimista en canto os obxectivos a acadar e non se aportaron (tal vez porque non as hai) moitas novidades para a aprendizaxe do cálculo no caso de nenos e nenas con síndrome de Down.

As estratexias para traballar na aula permitiron, unha vez mais, concienciar o profesorado de que é posible integrar a nenos e nenas con discapacidade nas aulas ordinarias e que con pequenos cambios metodolóxicos e de organización, se consegue que todo o grupo saia beneficiado.

O momento mais emocionante das xornadas foi a intervención de Francisco García no exemplo de integración. Foi a demostración clara de que tódolo que se falara ata ese momento era totalmente certo.

A intervención dos representantes de Paideia pretendía poñer una meta clara na educación das persoas con discapacidade. A proxección do vídeo ofreceu un momento de descanso.


Para rematar as Xornadas contamos con Xaime Vázquez, que é un traballador de supermercados Claudio que ten síndrome de Down. A súa intervención foi alentadora e demostrou que non se poden poñer límites ás persoas con discapacidade, nin na súa formación nin nas súas posibilidades de desenvolvemento persoal e social.

En xeral as intervencións foron moi positivas e motivadoras e conseguiron que o salón de actos estivera repleto de xente aínda que la participación non fora elevada e non se fixeron moitas preguntas.

16. GRUPOS DE TRABAJO

Durante o transcurso das Xornadas ofrecemos ós profesionais asistentes os recursos da asociación e a posibilidade de organizar grupos de traballo para tratar aqueles temas de interés relacionados coa educación de persoas con discapacidade. Coa documentación entregouse unha folla de recollida de datos para que a cubriaran as persoas interesadas. A Asociación ten previsto facer unha primeira aproximación o tema, contando coas 20 persoas que manifestaron estar interesadas.

VALORACIÓN DE PONENCIAS E MESAS REDONDAS



VALORACIÓN GLOBAL DAS XORNADAS

